

CORISTANCO

PATRIMONIO

A orixe das terras de Coristanco remóntanse a tempos inmemoriais, como testemuñan o xacemento paleolítico da Lagoa de Alcaíán, en Seavia, as mámoas do Monte do Lume, as do Monte da Medoña ou as do Rato. Da idade do Bronce destaca a cista de Pedra Marrada, en Seavia; e as localizacións castrexas de Castro de Oca, Ponte Xionlla, Lume de Suso, Portal, Cotón de Santa Cecilia, Vilar, As Picúreas ou As Croas.

Relixioso

A Igrexa de San Mamede de Seavia é unha das máis importantes do concello; a súa orixe medieval maniféstase nos rosetóns e nos canecillos románicos dos muros laterais. No lateral da fachada álzase unha fermosa torre campanario de planta cadrada e varios corpos rematada por unha cúpula.

Este templo formou parte dun Mosteiro beneditino do século XV, e aínda hoxe poden verse os restos á carón do edificio. A igrexa está situada nunha praza formando un conxunto cun cruceiro, unha fonte coroada pola Virxe co Neno e unha casa cun escudo.

Igrexa de Santa María de Cereo (s. XVIII), neste templo barroco destaca a fermosa fachada de composición centrada no seu eixe vertical, que presenta contrafortes nos seus laterais e unha porta alintelada cun arco de medio punto e sobre este unha fornella coa imaxe da Virxe co Neno no colo, máis arriba hai unha xanela radial en forma de medio círculo e coroando ó conxunto unha torre-campanario rematada nunha cúpula octogonal.



REFUXIO DE VERDES

Na parroquia de Verdes, á beira do Río Anllóns atópase un espazo natural de increíble beleza. Agochado entre loureiros, ameneiros, salgueiros, bidueiros e carballos está o Refuxio de Verdes.



A igrexa de Santa Baia de Castro (1736) é o máximo referente do barroco no concello, e un dos máis destacados da comarca de Bergantiños dentro deste estilo.

Na profusa ornamentación da fachada, a base de elementos clásicos, atopamos dous panos dobres de columnas que enmarcan ás imaxes relixiosas, e na parte superior da porta unha fornella cunha imaxe; rematando o conxunto un frontón curvo. No lateral da fachada álzase unha robusta torre-campanario de planta cadrada.

Igrexa de Santa María de Traba (s. XVIII), este templo de estilo barroco clasicista ten ao seu carón o cemiterio, e o conxunto está delimitado por un pequeno muro de cachotería. Nesta fachada de estrutura complexa destaca o xogo de volumes creado polos diferentes elementos construtivos, arcos, molduras e o remate nun frontón que dá paso á torre campanario elevada sobre o eixe central.

Civil

Dentro da arquitectura civil varios pazos constatan a presenza dunha nobreza rural, como o Pazo de Cereo Vello, que conserva o hórreo e o pombal; o Pazo de Ponte que merece especial mención a súa torre; ou os pazos de Nogueira e o de Ferreiro. Tamén existe unha relación dunhas quince casas históricas e reitorais.

Completan o patrimonio varios hórreos baixo a figura de protección como o conxunto de hórreos en Montecelo ou os de Casa Caamaño; e as fontes de Santa Margarida, de San Mamede, Santa María ou a fonte de San Adrián de Verdes, o muíño das Salgueiros e a emblemática Ponte Dona en San Adrián de Verdes.

Un lugar onde as augas do Anllóns configuran unha paisaxe idílica de pequenos ilotes, saltos e rápidos, onde un importante conxunto de muíños, de canles e pontes de madeira completan unha estampa que invita a gozar do acougo e a dozura deste recuncho.



PONTE LUBIÁNS

Ponte Lubiáns é unha ponte romana situada sobre o río Rosendo, afluente do Anllóns. Parece ser que foi construída en torno ao século I – II d.C, nun tramo secundario da denominada vía "Per Loca Maritima" que atravesaba a costa noroccidental galega comunicando Bracara Augusta (Braga) e Astúrica (Astorga).

Esta fermosa construción con plataforma en dobre pendente contaba con cinco arcos de medio punto, aínda que hoxe só son visibles catro, xa que adheríuselle un contraforte nun dos seus extremos; no lateral da ponte presenta un "tallamar", empregado para distribuír as correntes do río entre os diversos arcos.



O refuxio está acondicionado para o esparsamento con grelladas, mesas, bancos e xogos infantís perfectamente integrados na natureza; os pequenos sendeiros polas marxes do río achegarannos a fermosos recunchos, e a contemplar as ruínas dun batán e unha gran cantidade de muíños de pedra, que reflicten a gran abundancia destas terras fértiles.



NATUREZA

Coristanco é coñecido como o Verxel de Bergantiños, unha terra fértil onde a auga discorre formando innumerables regatos e arriolos que amantan ao río Anllóns, e tapizan de verde os seus vales e montes.

Esta natureza suave e acolledora mestura as terras de labranza con bosques de ribeira, configurando paraxes e recunchos de gran beleza, unha paisaxe humanizada salpicada de mámoas, castros, muíños, hórreos, pontes, pazos e igrexas. O bosque da Braña situado ás beiras da lagoa de Alcaíán é un bo exemplo de cultura ancestral integrada na paisaxe.

Os restos paleolíticos atopados ao redor deste acuífero testemuñan un antigo poboamento, e a variedade botánica de piñeiros, carballos, orquídeas silvestres e acacias negras conforman unha espesura moi variada, ademais hai especies de flora de gran valor ecolóxico como a Drosera rotundifolia e Drosera intermedia, pequenas plantas insectívoras en perigo de extinción, ou endemismos ibéricos como o Narcissus asturiensis, a Turberaria globularifolia ou a Myrica gale.

Na zona poden observarse aves como azores, miñatos ou falcóns, ademais de varias especies de aves acuáticas, así como de réptiles e anfíbios. Lobos e Corzos tamén poboan os arredores de Alcaíán.

Son moitas as lendas que circulan ao redor desta lagoa; segundo a tradición hai unha cidade alagada baixo as augas, como castigo aos seus habitantes que negáronse a dar acubillo a dous peregrinos, que resultaron ser Xesucristo e San Pedro. Un vello conto asegura que nun dos pozos da lagoa óense cantar aos galos a medianoite do Día de Nadal.



TORRE DE NOGUEIRA

Este fermoso torreón do século XV, é unha das dúas torres do pazo dos Bermúdez de Castro. Está construída con grandes sillares de granito perfectamente labrados; na fachada principal ábrese unha porta e dúas ventás de forma oxival con arcos de sillería que serven de contraforte, a parte alta da torre perdeu as antigas ameas. Tamén pódense apreciar dous escudos, un deles representa as armas dos Bermúdez e dos Moscoso e o outro os "escaques" dos Bermúdez.

O edificio anexo pertence ao antigo pazo dos Bermúdez de Castro, na fachada destaca unha porta de arco de ferradura e contrafortes de sillares de granito, e dous escudos, un coas armas da familia dos Castro e o outro as dos Bermúdez de Castro. Esta torre pertenceu a Pedro Bermúdez "O Vello", VIII Señor de Montaos, e a Leonor de Castro e Guzmán.



FESTA DA PATACA

O concello de Coristanco é coñecido como a "Terra da Pataca", sendo un notable produtor das mesmas, e como tal está incluído na Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", as de Coristanco están consideradas como unhas da de maior calidade e sabor excepcional, e a súa fama xa traspasou fronteiras.

O terceiro domingo de setembro, celébrase A Festa da Pataca, unha exaltación gastronómica única e unha homenaxe aos agricultores e ao cultivo deste tubérculo. As rúas de Coristanco énchense de tractores engalanados e esculturas feitas con patacas nun ambiente moi festivo, onde succédense as actividades, pola mañá os concursos gastronómicos, o desfile de tractores engalanados, e a degustación, e pola tarde xogos populares como "o baile da pataca", "o trueiro", "apaña de patacas" e tiro da corda, e para completar a xornada a Feira Cabalar e a Feira de Maquinaria Agrícola.

FESTAS

No concello de Coristanco celébranse moitas festas ao longo do ano, onde a tradición e o fervor relixioso mestúranse coas ganas de pasalo ben. Festa do Corpiño de Oca, 5 de xullo. Numerosos devotos da Virxe do Corpiño acoden a honrar a esta virxe milagreira para erradicar o mal pequeno e as enfermidades do corpo e da mente; durante as celebracións hai procesións e verbenas.

Romaría de San Antonio da Aqualada, 13 e 14 de xuño. Durante a celebración os freis achéganse á igrexa para cumprir dúas tradicións, a de comprar os moletes milagrosos de San Antonio, e a de pagar unha misa. Santa Ana da Rabadeira, con oficios relixiosos, sesión vermú e verbena, e a tradición de entregar leite como ofrenda para lograr a protección da familia.

Coristanco é Costa da Morte

Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo GDR–Costa da Morte correspóndese cos seguintes concellos:

- > Cabana de Bergantiños
- > Camariñas
- > Carballa
- > Carnota
- > Cee
- > Corcubión
- > Coristanco
- > Dumbría
- > Fisterra
- > A Laracha
- > Laxe
- > Malpica
- > Mazariños
- > Muxía
- > Ponteceso
- > Vimianzo
- > Zas

Edificio Servizos Múltiples,
Rúa A Torre, s/n,
15129 - VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 - MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

GDR COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

























-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 MEGALÍTICA
-  R2 DO ROMÁNICO
-  R3 DA PAISAXE
-  R4 DOS FAROS
-  R5 FÁBRICA DA LUZ
-  R6 DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 SANTO HADRIÁN
-  R9 OS PINOS NO MAR
-  R10 DAS PRAIS
-  R11 DAS FÉRVEDAS

QR

Amplía información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Fervenza Encoro |
|  | Horreo |  | Faro |
|  | Museo do Alemán |  | Paisaxe |
|  | Pedras Máxicas |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

